

Observatorio transfronteiriço / Observatório transfronteiriço Galicia - Norte de Portugal

27/05/2024

ÍNDICE

| | |
|--------------------------------------|----|
| Introdución | 1 |
| Poboación | 1 |
| O mercado laboral | 4 |
| O comercio intracomunitario | 6 |
| Contas rexionais | 8 |
| O sector turístico | 10 |
| Indicadores sociais | 11 |
| Definicións e máis información | 13 |
| Definicións | 13 |
| Acceso ás táboas de datos: | 13 |

Introdución

O Observatorio transfronteiriço Galicia–Norte de Portugal é o resultado das relacións de traballo entre o Instituto Galego de Estatística e a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte, a través do seu Observatório das Dinâmicas Regionais, que conta coa colaboración do Instituto Nacional de Estatística de Portugal, no que se refire á sección de datos estatísticos e na preparación da metainformación asociada. Tendo en conta as diferenzas existentes entre os sistemas estatísticos dos respectivos países, tratouse de seleccionar as variables para as cales é posible asegurar a necesaria harmonización. Só a comparabilidade da información permite a lectura conxunta das dúas rexións e, en consecuencia, o afondamento no estudo das relacións transfronteirizas.

A Eurrrexión está formada pola Comunidade Autónoma de Galicia e a Rexión Norte de Portugal, que comprende as seguintes áreas: Alto Minho, Cávado, Ave, Área Metropolitana do Porto, Alto Tâmega, Tâmega e Sousa, Douro e Terras de Trás-os-Montes (NUTS-2013). Estas áreas da Rexión Norte e as catro provincias galegas (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) correspóndense coa desagregación territorial de NUTS III utilizada por EUROSTAT.

Poboación


No ano 2022 residían aproximadamente 6,3 millóns de habitantes nos 50.862,6 quilómetros cadrados que ocupa a Eurorrexión. Galicia presenta unha maior dispersión da poboación con 91 habitantes por quilómetro cadrado, mentres que na Rexión Norte a densidade de poboación é de 170,6 habitantes por quilómetro cadrado.

No último ano produciuse unha caída no número de habitantes do 0,24 % en Galicia e unha subida do 0,6 % na Rexión Norte.

Superficie, poboación e densidade. Ano 2022

| | Portugal | Norte | España | Galicia |
|--------------------------------------|------------|-----------|------------|-----------|
| Poboación | 10.467.366 | 3.631.502 | 47.475.420 | 2.690.464 |
| Superficie (Km ²) | 92.225,2 | 21.285,9 | 505.968,4 | 29.576,7 |
| Densidade (Hab./Km ²) | 113,5 | 170,6 | 93,8 | 91,0 |


Fonte: Observatorio transfronteirizo Galicia-Norte




No que se refire á estrutura por idades, Galicia caracterízase polo alto grado de envellecemento da súa poboación. En 2022, o 26,1% da poboación residente en Galicia tiña 65 ou máis anos, fronte ao 23,4% da Rexión Norte de Portugal. Complementando a este indicador, o índice de envellecemento mostra que na Comunidade Autónoma de Galicia residen 230 persoas de 65 ou máis anos por cada 100 mozos menores de 15 anos. Para a Rexión Norte a relación é de 191,6 maiores de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 15.

A pesar de que Galicia mostra un índice de envellecemento moi superior, a Rexión Norte presenta uns maiores incrementos no índice que, nesta rexión, sobe 44,1 puntos no período 2016 - 2022. En Galicia o índice pasa de 203,8 en 2016 a 230 en 2022.

Poboación segundo grupos de idade. Galicia. Ano 2022



Poboación segundo grupos de idade. Rexión Norte. Ano 2022



No ano 2022 tanto Galicia como o Norte de Portugal rexistraron saldos vexetativos negativos, é dicir que nas dúas rexións o número de defuncións superou ao de nacementos. En Galicia o saldo vexetativo foi de -20.501 e no Norte de Portugal foi de -12.490.

No ano 2022 a taxa bruta de natalidade, calculada como o número de nacementos por cada mil habitantes, presenta valores máis elevados na Rexión Norte de Portugal: 7,30 fronte 5,38 en Galicia. A taxa bruta de mortalidade (número de defuncións por cada mil habitantes), é 2,3 puntos maior en Galicia que no Norte de Portugal.

Movemento natural da poboación 2022

| | Portugal | Norte | España | Galicia |
|---------------------------|----------|--------|---------|---------|
| Nacementos | 83.671 | 26.375 | 329.251 | 14.495 |
| Defuncións | 124.311 | 38.865 | 464.417 | 34.996 |
| Taxa bruta de natalidade | 8,00 | 7,30 | 6,88 | 5,38 |
| Taxa bruta de mortalidade | 11,90 | 10,70 | 9,67 | 12,98 |

Fonte: Observatorio transfronteirizo Galicia-Norte

O mercado laboral

Aproximadamente 5,5 millóns de persoas constitúen, en 2023, a poboación en idade laboral da Eurorrexión, das cales aproximadamente 3,1 millóns están clasificadas como activas, o que sitúa a taxa de actividade no 56,4 %. Hai que ter en conta que a idade mínima legal para incorporarse ao mercado laboral é de 15 anos en Portugal e de 16 en España.


A taxa de actividade no Norte é maior que en Galicia: 61,3 % fronte o 54,2 %. O mesmo ocorre coa taxa de ocupación: 56,1 % fronte o 47 %. A taxa de paro acada en Galicia o 9,3 % mentres que na Rexión Norte de Portugal é do 6,9 %.

Poboación segundo a relación coa actividade económica 2023

Unidade: Miles de persoas

| | Portugal | Norte | España | Galicia |
|--|----------|---------|----------|---------|
| Poboación de 16 ou máis anos / População com 15 ou mais anos | 8.855,7 | 3.111,9 | 40.982,7 | 2.358,8 |
| Activos | 5.325,2 | 1.869,3 | 24.119,7 | 1.250,0 |
| Ocupados / Empregados | 4.978,5 | 1.738,0 | 21.182,2 | 1.128,5 |
| Parados / Desempregados | 346,6 | 131,3 | 2.937,5 | 121,4 |


Fonte: Observatorio transfronteirizo Galicia-Norte




No tocante á poboación ocupada, tamén se observan diferenzas estruturais na clasificación segundo o sector de actividade económica.

O sector servizos é o que conta cun maior peso nas dúas rexións, pero en porcentaxes diferentes: o 71,7% dos ocupados galegos traballan neste sector, fronte o 64,5% dos traballadores da Rexión Norte. En contraposición, a industria ten unha maior importancia na Rexión Norte, cun 25,5% dos ocupados totais, mentres que en Galicia a porcentaxe de ocupados na industria é do 14,9%. Pola súa banda, o sector primario dá traballo ao 2,6% dos ocupados da Rexión Norte de Portugal e ao 6,6% de Galicia.

Poboación ocupada por sectores de actividade. Galicia. Ano 2023



Poboación ocupada por sectores de actividade. Rexión Norte. Ano 2023



O comercio intracomunitario

No ano 2023, Galicia exportou con destino á UE-27 (excluíndo o resto de España) mercadorías por valor de 21.452,0 millóns de euros, mentres que o valor das mercadorías introducidas foi de 8.192,4 millóns. Como resultado, a balanza comercial coa UE-27 presenta un superávit de 13.259,6 millóns de euros. Francia e Portugal son os principais destinos das mercadorías expedidas por Galicia e os principais provedores.

Na Rexión Norte de Portugal, o valor das expedicións con destino á UE-27 (excluíndo o resto de Portugal) superou en 1.964,8 millóns de euros o valor das introducións. Os produtos exportados por esta rexión teñen como destino principal España e Francia mentres que no tocante as importacións, España e Alemaña son os principais fornecedores da Rexión Norte.

Comercio intracomunitario. Expedicións por destino e introdución por orixe. Ano 2023

Unidade: Millóns de euros

| | Norte | | Galicia | | Eurorrexión/Eurorregião | |
|--|-----------------------------|----------------------------|-----------------------------|----------------------------|-----------------------------|----------------------------|
| | Expedicións / Expedições | Introducións / Chegadas | Expedicións / Expedições | Introducións / Chegadas | Expedicións / Expedições | Introducións / Chegadas |
| Total | 20.411,1 | 18.446,3 | 21.452,0 | 8.192,4 | 41.863,1 | 26.638,8 |
| Alemaña / Alemanha | 3.474,6 | 2.782,3 | 1.815,2 | 797,2 | 5.289,8 | 3.579,5 |
| Austria / Áustria | 222,3 | 170,1 | 122,9 | 94,9 | 345,2 | 265,0 |
| Bélxica / Bélgica | 574,0 | 901,5 | 1.223,6 | 322,6 | 1.797,6 | 1.224,1 |
| Bulgaria / Bulgária | 40,1 | 20,7 | 88,1 | 56,3 | 128,2 | 77,0 |
| Chipre / Chipre | 16,1 | 1,5 | 103,6 | 0,1 | 119,7 | 1,6 |
| Croacia / Croacia | 25,6 | 15,0 | 179,7 | 26,7 | 205,3 | 41,6 |
| Dinamarca / Dinamarca | 232,9 | 100,3 | 134,1 | 67,7 | 366,9 | 168,0 |
| Eslovaquia / Eslováquia | 329,6 | 53,9 | 168,4 | 169,5 | 498,1 | 223,4 |
| Eslovenia / Eslovénia | 34,0 | 29,5 | 81,1 | 25,3 | 115,1 | 54,8 |
| España / Espanha | 7.037,9 | 9.018,1 | .. | .. | .. | .. |
| Estonia / Estónia | 43,8 | 9,3 | 45,0 | 4,0 | 88,8 | 13,3 |
| Finlandia / Finlândia | 79,7 | 100,0 | 119,0 | 84,9 | 198,7 | 184,9 |
| Francia / França | 4.472,5 | 1.591,3 | 5.282,7 | 1.712,3 | 9.755,2 | 3.303,5 |
| Grecia / Grécia | 71,8 | 48,0 | 599,6 | 36,3 | 671,4 | 84,4 |
| Hungría / Hungria | 118,9 | 67,5 | 111,8 | 12,1 | 230,7 | 79,6 |
| Irlanda / Irlanda | 176,1 | 116,3 | 323,9 | 45,5 | 500,0 | 161,8 |
| Italia / Itália | 1.119,3 | 1.552,2 | 3.015,4 | 850,2 | 4.134,8 | 2.402,4 |
| Letonia / Letónia | 14,7 | 11,8 | 25,6 | 14,0 | 40,3 | 25,8 |
| Lituania / Lituânia | 43,6 | 15,1 | 55,0 | 20,0 | 98,6 | 35,1 |
| Luxemburgo / Luxemburgo | 46,0 | 45,2 | 44,9 | 18,2 | 90,8 | 63,3 |
| Malta / Malta | 10,2 | 3,6 | 49,3 | 2,4 | 59,6 | 6,0 |
| Países Baixos / Países Baixos | 996,4 | 858,9 | 976,9 | 504,1 | 1.973,3 | 1.363,1 |
| Polonia / Polónia | 375,9 | 474,1 | 1.684,3 | 181,0 | 2.060,2 | 655,1 |
| Portugal / Portugal | .. | .. | 4.220,0 | 2.628,9 | .. | .. |
| República Checa / República Checa | 225,6 | 137,3 | 157,4 | 54,2 | 383,0 | 191,5 |
| Romanía / Roménia | 199,4 | 80,9 | 336,5 | 65,2 | 535,9 | 146,0 |
| Suecia / Suécia | 424,2 | 241,7 | 228,4 | 271,0 | 652,6 | 512,7 |

En Galicia os produtos máis exportados á UE-27, atendendo as seccións arancelarias da clasificación TARIC, son: material de transporte (23,9 % do valor total das expedicións) e as materias téxtiles e as súas manufacturas (27,4 %) e e os produtos máis importados son o material de transporte (22,1 %) e os metais comúns e manufacturas deses metais (16,8 %).

En 2023, o 16,4 % do valor das mercadorías exportadas pola Rexión Norte e con destino a UE-27 eran materias téxtiles e as súas manufacturas. No que se refire ás introducións, o Norte de Portugal importa máquinas, aparellos e material eléctrico (21,7 % do valor total das introducións) e metais comúns e as súas manufacturas (12,6 %).

Contas rexionais


O produto interior bruto xerado pola economía galega no ano 2022 acadou os 70.727,10 millóns de euros, o que supón un PIB per cápita a prezos correntes de aproximadamente 26.250 euros. Neste ano o PIB aumentou en Galicia un 4,1% con respecto ao ano anterior en termos de índices de volume. Na Rexión Norte, o PIB para 2022 estímase en 71.872,97 millóns de euros e o PIB per cápita a prezos correntes en 20.140 euros. O PIB medido en índices de volume subiu, neste ano, un 5,6 %.

Produto interior bruto a prezos de mercado. Ano 2022

| | Portugal | Norte (NUTS-2013) | España | Galicia |
|--|------------|----------------------|--------------|-----------|
| PIBpm (millóns de euros) / PIB (milhões de euros) | 242.340,81 | 71.872,97 | 1.346.377,00 | 70.727,10 |
| PIBpm per cápita (miles de euros) / PIB per capita (milhares de euros) | 23,53 | 20,14 | 28,16 | 26,25 |

Fonte: Observatorio transfronteirizo Galicia-Norte

Taxas de variación interanuais en índices de volume do PIB



Desde a perspectiva da oferta, na estrutura do valor engadido bruto por sectores de actividade económica, a rama agraria e pesqueira ten un maior peso en Galicia que na Rexión Norte de Portugal (un 4,9 % fronte a un 1,3 %), mentres que a contribución da industria é maior na Rexión Norte (24,9 % na Rexión Norte e 18,3 % en Galicia). O sector da construción aporta o 5,9 % do VEB galego e o 5,4 % do da Rexión Norte.

Valor engadido bruto a prezos básicos por ramas de actividade CNAE09 2022

Unidade: Millons de euros

| | Norte | Galicia |
|--|--------|---------|
| Total | 62.201 | 64.757 |
| Agricultura, gandería, silvicultura e pesca / Agricultura, produción animal, caça, floresta e pesca | 781 | 3.166 |
| Industria / Indústrias extrativas; indústrias transformadoras; produción e distribución de electricidade, gás, vapor e ar frío; captación, tratamento e distribución de água; saneamento, gestión de residuos e despolución | 15.493 | 11.839 |
| Construción / Construção | 3.348 | 3.836 |
| Comercio, transporte e hostalería / Comércio por grosso e a retalho; reparación de vehículos automóveis e motocicletos; transportes e almacenagem; actividades de alojamento e restauración | 13.075 | 15.878 |
| Información e comunicacións / Informação e comunicação | 2.228 | 2.044 |
| Actividades financeiras e de seguros / Atividades financeiras e de seguros | 2.285 | 2.373 |
| Actividades inmobiliarias / Atividades imobiliarias | 7.160 | 6.881 |
| Actividades profesionais (actividades de consultoría, científicas, técnicas e similares; actividades administrativas e dos servizos de apoio)/ Atividades de consultoria, científicas, técnicas e similares; actividades administrativas e dos servizos de apoio | 4.934 | 4.310 |
| Administración pública, sanidade e educación / Administração pública e defesa; segurança social obrigatória; educação, saúde humana e ação social | 11.241 | 12.076 |
| Actividades artísticas, recreativas e outros servizos / Atividades artísticas e de espetáculos; reparación de bens de uso doméstico e outros servizos | 1.657 | 2.354 |

Fonte: Observatorio transfronteirizo Galicia-Norte

O sector turístico

Un total de 3.840 establecementos (incluíndo establecementos hoteleiros, de turismo rural, campamentos e apartamentos turísticos) forman a oferta turística da Comunidade Autónoma de Galicia e poñen a disposición dos viaxeiros un total de 89.184 prazas. En 2022, un total de 5.449.492 viaxeiros aloxáronse nestes establecementos.

Na Rexión Norte de Portugal, a oferta turística está constituída por 1.929 establecementos, cunha capacidade de aloxamento de 81.308 prazas. O número de viaxeiros que en 2022 se aloxaron nalgún establecemento de turismo da Rexión Norte situouse en 6.045.520.

Número de establecementos de turismo e prazas. Ano 2022

| | Establecementos / Estabelecimentos | | Prazas / Capacidade de alojamento | |
|---|------------------------------------|---------|-----------------------------------|---------|
| | Norte | Galicia | Norte | Galicia |
| Total | 1.929 | 3.840 | 81.308 | 89.184 |
| Estrelas de ouro / Hotéis | 437 | 627 | 49.397 | 43.856 |
| Estrelas de prata / Pensões | 1446 | 790 | 28.001 | 14.935 |
| Outros establecementos / Outros estabelecimentos | 46 | 2.423 | 3.910 | 30.393 |

Fonte: Observatorio transfronteirizo Galicia-Norte

Número de viaxeiros nos establecementos de turismo. Ano 2022

| | Norte | Galicia |
|---|-----------|-----------|
| Total | 6.045.520 | 5.449.492 |
| Estrelas de ouro / Hotéis | 4.435.560 | 3.724.298 |
| Estrelas de prata / Pensões | 1.357.028 | 969.185 |
| Outros establecementos / Outros estabelecimentos | 252.932 | 756.009 |

Fonte: Observatorio transfronteirizo Galicia-Norte

Indicadores sociais

No que a saúde se refire, en 2022 a ratio de médicos por 1.000 habitantes foi similar: 5,76 no caso galego fronte a 5,90 na Rexión Norte. No ano 2022 había 81 establecementos sanitarios con réxime de internado na Rexión Norte cun total de 12.435 camas, fronte a 33 establecementos e 8.644 camas no caso galego.

A esperanza de vida, indicador que permite realizar comparacións sobre a mortalidade e as condicións de saúde en distintas poboacións, é superior en Galicia. A esperanza de vida para os residentes en Galicia é de 83,17 anos, fronte os 81,53 anos da rexión Norte de Portugal. É de salientar que o indicador é superior para as mulleres en ambas as dúas rexións. Para Galicia a diferenza entre a esperanza de vida masculina e feminina no momento do nacemento é de 5,6 anos (a favor das mulleres). Na Rexión Norte de Portugal os homes viven de media 5,3 anos menos que as mulleres.

Indicadores de saúde. Ano 2022

| | Portugal | Norte | España | Galicia |
|---|----------|-------|--------|---------|
| Camas por 1.000 habitantes | 3,50 | 3,40 | 2,95 | 3,28 |
| Médicos por 1.000 habitantes | 5,80 | 5,90 | 6,12 | 5,76 |
| Taxa de mortalidade infantil (tanto por mil / Permilagem) | 2,60 | 2,40 | 2,60 | 1,86 |

Fonte: Observatorio transfronteirizo Galicia-Norte



Esperanza de vida. Ano 2022

| | Portugal | Norte | España | Galicia |
|---------------------|----------|-------|--------|---------|
| Total | 80,96 | 81,53 | 83,08 | 83,17 |
| Homes / Homens | 78,05 | 78,74 | 80,36 | 80,31 |
| Mulleres / Mulheres | 83,52 | 84,02 | 85,74 | 85,95 |

Fonte: Observatorio transfronteirizo Galicia-Norte

O abandono educativo temperán permite comparacións entre os niveis educativos a un lado e outro da fronteira galaico portuguesa. Este indicador defínese como a porcentaxe de mozos entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa, e tampouco segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). En 2023 esta porcentaxe foi do 9,1% en Galicia e do 6,2% na Rexión Norte de Portugal.

Outro indicador utilizado para analizar o estado do sistema educativo en ambas as dúas rexións é a porcentaxe de persoas de 30 a 34 anos que alcanzaron a educación superior: en Galicia é do 53,8%, mentres que na Rexión Norte de Portugal sitúase no 38,4%.



Definicións e máis información

Definicións

Acceso ás táboas de datos:

- Poboación, superficie, concellos, parroquias e densidade de poboación
- Poboación segundo o sexo e grupos de idade
- Movemento natural da poboación
- Poboación activa, ocupada e parada por sexo
- Poboación ocupada por sectores de actividade
- Comercio intracomunitario: expedicións por destino e introducións por orixe
- Comercio intracomunitario. Resumo por seccións arancelarias
- Produto interior bruto a prezos de mercado
- Taxas de variación interanuais en índices de volume do PIB
- Valor engadido bruto a prezos básicos por ramas de actividade CNAE09
- Establecementos de turismo e prazas
- Pernoitas e viaxeiros nos establecementos de turismo
- Indicadores de saúde
- Esperanza de vida no momento do nacemento e aos 65 anos
- Abandono educativo temperán
- Persoas de 30 a 34 anos con educación superior